

LOS SUEÑOS QUE COMPARTIMOS

1747

Valentina Leduc, 2025

ESTREA EN NUMAX: 21.06.2026 | V.O. | 102 min

Comunidades de pobos orixinarios maias cruzan o Océano Atlántico para dialogar con comunidades que actúan en defensa do territorio, a auga, os ríos e os bosques. Esta viaxe fía e contén as historias que conforman a película: o cotián de comunidades que levan a cabo accións para protexer a vida, desde os pobos zapatistas de Chiapas até a aldea de Froxán, en Galicia. O documental relata os seus procesos, os seus desafíos e os seus logros.

O pase contará con presentación e coloquio coa directora.



Entrevista con Valentina Leduc: «A mina de Alemaña e os eucaliptos de Galicia arrancan cos fascismos»

Por que elixiches estas tres historias especificamente? Todo comezou ao investigar as viaxes dos zapatistas cara a Europa e os movementos que viraban ao redor deles. As tres parécenme historias sorprendentes, esperanzadoras e tamén moi cinematográficas. A de Alemaña se cadra é a máis sorprendente, porque poucos saben da existencia desa mina, que é a máis grande de Europa e desprazou a máis de 400 núcleos de poboación. Suponse que é o país máis avanzado do continente, ademais nese momento gobernaba o Partido Verde. Entón eu dixen, “esta é unha grande historia para entender a mentira de como os Estados están sometidos á industria”. Tamén quería coñecer os colectivos que se opoñen a isto, gravamos unha manifestación con máis de 35.000 persoas.

En Galicia, pareceume importante retratar unha historia de máis pequena escala, onde as familias se enfrontan a estas hectáreas de eucaliptos, os lumes que provocan e o ecocidio. O eucalipto é unha árbore que toma todos os nutrientes da terra, extrae a auga e resta fertilidade á terra.

E no caso dos zapatistas en México, os pobos cholultecas, aí máis ben sorprendeume o logro que estaban a obter coa súa organización, que pobos indíxenas lograsen pechar as instalacións dunha empresa como Bonafont e que realmente estaban a lograr que a auga regresase ás comunidades, aos pozos artesanais e aos ríos. Interésanme as historias de xente que se pon en acción e logran cousas.

Como se relaciona esta problemática cos fascismos? O fascismo xorde dunha problemática económica da posguerra, da Primeira Guerra Mundial, suponse que para rescatar a economía destes países. No caso da historia de Alemaña e de Galicia, coa mina e os eucaliptos, empeza cos fascismos. A mina e a industria do carbón créaas Hitler; e a industria da papeleira en España, Franco. Entón estes fascismos están a regresar, onde o único que importa é a economía e as ganancias.

Non interesan as historias das xentes, nin o planeta mesmo. Non importa se o destruímos todo, pois as ganancias que imos obter son o único importante. Ganancias que, ademais chegan a cada vez menos mans. Entón, si creo que é moi importante convocar á acción, e convocar de novo á mirada colectiva. Estamos a ver como esta solidariedade colectiva, e esta vinculación, é o único que nos pode sacar de calquera crise.

Como entendes ti o lema zapatista de “o pobo manda e o goberno obedece”?

Paréceme que xustamente fala de que un goberno ten que estar ao servizo do pobo, esa é a intención, aínda que iso poucas veces pasa en realidade en calquera territorio do mundo. Cando eles falan diso, refírense a que o importante é o que o pobo decide a través das necesidades colectivas, a que as decisións se teñen que tomar desde o pobo, desde a xente que está a vivir e sufrindo as consecuencias do que está a pasar.